SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

PROBA TEÓRICA

Técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información

EXERCICIO: PROBA TEÓRICA

INSTRUCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.

2. Esta proba consiste nun cuestionario de contido teórico de 50 preguntas tipo test con 6 de reserva (as 6 últimas, da E51 á E56), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E50,** no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".

3. – O tempo total de realización do exercicio, é de **90 minutos**.

4. – Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **1** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,25** puntos.

5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.

6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.

7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben definido dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:www.sergas.es, ao día seguinte da realización da proba.

LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO

1 Cal dos seguintes NON é un obxectivo de xestión nunha auditoría informática?

A) Garantir que as tarefas se realicen con efectividade.
B) Aumentar os beneficios da empresa.
C) Garantir que as tarefas se realicen con eficiencia.
D) Asegurar a salvagarda dos bens e a integridade dos datos.

2 Entre as metodoloxías de traballo de auditoría informática destaca a etapa de "Elaboración e redacción do informe final". É posible redactar informes antes do informe final?

A) Son posibles informes parciais sempre que a auditoría non siga ningunha metodoloxía certificable.
B) Non é posible ter informes parciais xa que o informe do auditor non é contrastable nin alegable.
C) É posible porque son elementos de contraste entre o auditor e o auditado e poden descubrir fallos de apreciación no auditor.
D) Só a metodoloxía de auditoría Kanban permite informes parciais.

3 Na auditoría de redes de área local, que etapa se encarga de identificar a estrutura física e lóxica e de localizar as carencias máis críticas?

A) Plan de Contención.
B) Estratexia de Saneamento.
C) Seguimento continuo.
D) Análise de Vulnerabilidades.

4 Cal é o ámbito de aplicación da Lei 4/2019 de Administración Dixital de Galicia?

A) Só ás empresas privadas galegas.
B) A administración pública galega.
C) Toda España.
D) Organismos internacionais.

5 Que principio promove a Lei 39/2015 na relación entre cidadáns e administracións?

A) Trámites Presenciais obrigatorios.
B) Trámites en papel obrigatorios.
C) Exclusión da sinatura electrónica.
D) Uso preferente de medios electrónicos.

6 Que documento técnico forma parte do ENS?

A) Manual de interoperabilidade.
B) Política de seguridade de la información.
C) Regulamento de contratación.
D) Código de boas prácticas fiscais.

7 Cal das seguintes licenzas é un exemplo de licenza de software libre?

A) EULA.
B) Shareware.
C) GPL.
D) Trialware.

8 Que significa FLOSS?

A) Free Opensource Software.
B) Free License to Own, Share and Storage.
C) Free/Libre Open Source Software.
D) Fun License to Open, Start and Stop.

9 Que significa que un software está baixo 'dominio público'?

A) O autor renunciou a todos os seus dereitos de copyright, permitindo o uso, copia e modificación sen restricións.
B) Que é un software propietario, pero que expirou o período da licenza.
C) Software que só pode ser empregado polas administracións públicas.
D) Software que só pode ser empregado con fins educativos.

10 Cal dos seguintes software NON ten un tipo de licenza propietaria?

A) Internet Explorer.
B) Safari.
C) Adobe Acrobat Reader.
D) Firefox.

11 Cal é un obxectivo da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:

A) Garantir a libre competencia e a eficiencia na contratación pública, así como a transparencia e a igualdade de trato.

B) Modernizar e simplificar as relacións entre os cidadáns, empresas e a Administración Pública en España.

C) Establecer os principios que deben rexer o sector público, como a eficacia, a eficiencia, a economía dos recursos, a cooperación, a colaboración e a coordinación entre as distintas Administracións.

D) Establecer un marco legal moderno para protexer aos cidadáns nun mundo dixital, asegurando que a súa privacidade e as súas liberdades fundamentais sexan respectadas tanto por empresas como polas Administracións Públicas.

12 Cal destas tecnoloxías se emprega habitualmente para almacenar grandes volumes de datos distribuídos?

A) MySql.

B) Excel.

C) Access.

D) Hadoop HDFS.

13 Cal é a definición máis apropiada do termo Data Lake?

A) Un sistema de refrixeración de servidores con refrixeración por auga.

B) Un repositorio de datos estruturados.

C) Un almacén de datos non estruturados e estruturados.

D) Un sistema de copia de seguridade dos datos.

14 Cal destes datos se considerarían "non estruturados"?

A) Táboas SQL.

B) Arquivos XML.

C) Follas de cálculo.

D) Vídeo e imaxes

15 Se instalamos en varios servidores de aplicacións unha aplicación J2EE de xestión de historias clínicas á que se accede a través dun servidor web e conecta con diferentes bases de datos, que tipo de aplicación estariamos despregando?

A) Arquitectura monolítica nunha capa.

B) Arquitectura mainframe.

C) Arquitectura multicapa.

D) Arquitectura en dúas capas, modelo cliente-servidor.

16 Se usamos o framework Spring, cal das seguintes respostas é correcta:
A) Polo xeral serán páxinas web desenvolvidas en .NET de Microsoft.
B) Principalmente serán desenvolvementos en Java.
C) Estarían utilizando a tecnoloxía Windows Forms.
D) Estarían utilizando a tecnoloxía de desenvolvemento PHP.

17 Que framework Java facilita a persistencia de datos?
A) Spring Boot.
B) JSF.
C) JSA.
D) Hibernate.

18 Cal destas técnicas se emprega para garantir a integridade dos datos?
A) Cifrado
B) Firewall
C) Hash
D) Proxy

19 Cal é o significado de OTP relacionado coa seguridade informática?
A) É un tipo de firewall.
B) Navegador seguro.
C) VPN segura.
D) Contrasinal dun solo uso.

20 Cal é o principio do mínimo privilexio?
A) Permitir o acceso só ao necesario
B) Simplificar os roles dando acceso total a todos os usuarios.
C) Bloquear todos os accesos.
D) Contrasinais compartidos por varios usuarios.

21 Cal é o protocolo utilizado para consultar os servizos de directorio?
A) SMTP.
B) LDAP.
C) SNMP.
D) SFTP.

22 Cal destas ferramentas se usa normalmente na virtualización de servidores?

A) Scanner.
B) Proxy.
C) Hipervisor.
D) IDE.

23 Cal destes é un producto de virtualización do almacenamento?

A) Vmware Horizon.
B) Citrix Xenapp.
C) Vmware vSAN.
D) Vmware NSX.

24 En que tipo de sistemas se adoita utilizar o thin provisioning?

A) Sistemas de impresión.
B) Sistemas de almacenamento.
C) Servidores DNS.
D) Pcs cliente.

25 Que modelo de servizo na nube proporciona aos usuarios acceso a sistemas operativos, almacenamento e redes, pero a xestión de aplicacións e datos segue sendo responsabilidade do usuario?

A) Infrastructure as a Service (IaaS).
B) Platform as a Service (PaaS).
C) Software as a Service (SaaS).
D) Desktop as a Service (DaaS).

26 Se temos 8 discos SAS de 2TB netos configurados en RAID1. Que capacidade neta está dispoñible en RAID1 no sistema de almacenamento?

A) 16 TB.
B) 14 TB.
C) 8 TB.
D) 2 TB.

27 Cal é a función principal dos compoñentes 'hot-swappable' nun servidor?

A) Son compoñentes que se quentan menos que os convencionais.
B) Permiten apagar o servidor sen perder datos.
C) Reducen o consumo de enerxía do servidor.
D) Permiten substituír compoñentes que fallaron sen apagar o servidor.

28 Que métrica do plan de continuidade do negocio define a cantidade máxima aceptable de datos que se poden perder en caso de incidente?

A) BCP.
B) RPO.
C) RTO.
D) SLA.

29 Como podo saber a versión do Java JRE que está instalada nun PC cliente?

A) java -version
B) java -v
C) java -ver
D) java -u

30 Cal é un dos principios guía de ITIL v4?

A) Traballar illadamente nos equipos.
B) Optimizar os custos sempre por riba da experiencia do usuario.
C) Focalizar no valor.
D) Evitar a automatización.

31 Que proceso dun sistema Helpdesk baseado en ITIL xestiona as interrupcións e restauracións do servizo?

A) Problem Management.
B) Incident Management.
C) Change Enablement.
D) Service Level Management.

32 A que está principalmente orientado un sistema CRM?

A) Xestionar inventario e recursos materiais.
B) Mellorar a relación cos clientes.
C) Controlar procesos de fabricación.
D) Automatizar probas de software.

33 Cales son tres elementos clave nun sistema BPM?

A) Procesos, persoas e tecnoloxía.
B) Hardware, software e backup.
C) Clientes, provedores e competidores.
D) Innovación, finanzas e marketing.

34 Un Data Warehouse caracterízase por ser:

A) Un sistema transaccional en tempo real.

B) Unha base de datos orientada á análise histórica.

C) Un repositorio para almacenar ficheiros ofimáticos.

D) Un diagrama UML de procesos de negocio.

35 Que modelo de ciclo de vida segue fases secuenciais ríxidas (requisitos, deseño, desenvolvemento, probas, mantemento)?

A) Modelo en cascada.

B) Modelo en espiral.

C) Modelo áxil.

D) Modelo baseado en compoñentes.

36 Cal é unha característica das metodoloxías áxiles de desenvolvemento?

A) Documentación exhaustiva e previa.

B) Entregas incrementais e iterativas.

C) Deseño completo antes de desenvolver.

D) Ciclos largos e ríxidos.

37 Durante un proxecto baixo Métrica v3, en que fase se define o Modelo Físico de Datos (MFD) de maneira formal?

A) Estudio de Viabilidade do Sistema.

B) Análise do Sistema de Información.

C) Deseño do Sistema de Información.

D) Implantación e Aceptación.

38 En enxeñería de requisitos, a actividade de validación busca:

A) Detectar erros na codificación.

B) Comprobar se o sistema satisfai as necesidades reais do cliente.

C) Revisar os diagramas de clases.

D) Supervisar a arquitectura técnica.

39 No ciclo de vida de desenvolvemento dun sistema de información, cando se produce a xestión do cambio nos requisitos de software?

A) Só antes de comezar o desenvolvemento.

B) Exclusivamente no mantemento.

C) Cando finalizan as probas.

D) Durante todo o ciclo de vida del proxecto.

40 Cal é a principal diferenza entre proba de caixa negra e de caixa branca?

A) A caixa negra analiza a lóxica interna do código.
B) A caixa branca só analiza a interface de usuario.
C) A caixa negra céntrase nas entradas/saídas sen coñecer a lóxica interna
D) A caixa branca non require coñecementos de programación.

41 Unha ferramenta de xestión e automatización de probas de software, ten como obxectivo principal:

A) Substituír completamente os probadores humanos.
B) Reducir o número de casos de proba.
C) Mellorar a cobertura e eficiencia do proceso de probas.
D) Eliminar a necesidade de documentación.

42 Nunha estratexia de probas, que definición corresponde á proba de regresión?

A) Validar que os novos compoñentes cumpren a súa funcionalidade.
B) Comprobar que as modificacións recentes non romperon características xa probadas.
C) Simular cargas de usuario para verificar o rendemento.
D) Probar a seguridade fronte a ataques externos.

43 Que estándar de interoperabilidade se emprega para enviar información entre un sistema que xera ordes médicas e outro sistema que as recibe?

A) SMTP
B) DICOM
C) HL7
D) Ningunha das anteriores.

44 Cal dos seguintes sistemas se considera un motor de integración?

A) Debian.
B) Mirth.
C) Oracle.
D) Websphere Application Server.

45 O número da historia clínica dun paciente considérase dato persoal?

A) Si, porque ese número permítenos identificar a unha persoa específica.
B) Non, son datos pseudónimos porque a identidade da persoa só se pode determinar se está na base de datos do hospital que os xerou.
C) Os datos persoais son os que aparecen no DNI e, polo tanto, o número do historial médico non.
D) Ningunha das anteriores é certa.

46 Cantas capas ten o modelo de comunicacións OSI?

A) O mesmo que o protocolo TCP/IP, xa que está baseado no modelo OSI.
B) Ten 7 capas.
C) O modelo OSI é un estándar de calidade en oposición aos estándares ISO.
D) Ten 6 capas, xa que non inclúe capas superiores a nivel de aplicación.

47 Cal é o obxectivo principal da familia de normas ISO 9000?

A) Establecer os requisitos para un sistema de xestión da calidade (SGC).
B) Definir as especificacións técnicas dun produto de gama alta.
C) Regular a seguridade da información en empresas de servizos.
D) Xerar e manter un código de boa conduta para empregados dunha organización.

48 Cal das seguintes afirmacións é VERDADEIRA con respecto a un CSIRT?

A) É un centro de vixilancia da calidade do software nas tecnoloxías da información.
B) É un edificio seguro e illado do CPD, onde se almacenan copias de seguridade dos sistemas de información das organizacións.
C) É un grupo de expertos que guían á empresa na toma de decisións en materia de investimento tecnolóxico.
D) É un equipo de resposta a incidentes de seguridade das tecnoloxías da información.

49 Cal dos seguintes NON se considera un elemento de seguridade en internet?

A) IDS / IPS (sistema de detección/prevención de intrusións)
B) Redes privadas virtuales (VPN)
C) NGFW (Firewall de nova xeración)
D) PBM (Package Blocking Management)

50 Cal é a diferenza clave entre un IDS (sistema de detección de intrusións) e un IPS (sistema de prevención de intrusións) dentro dunha arquitectura de seguridade de rede?

A) O IDS funciona só a nivel de rede, mentres que o IPS actúa exclusivamente a nivel de aplicación.

B) O IDS detecta e rexistra as ameazas potenciais, mentres que o IPS pode bloquealas en tempo real.

C) O IDS require integración cun SIEM obrigatoriamente, o IPS non.

D) O IDS sempre é host-based e o IPS sempre é network-based.

PREGUNTAS DE RESERVA

51 O panel de control de Java é unha ferramenta de configuración gráfica que che permite xestionar o entorno de execución de Java (JRE) nun sistema. Como se executaría este panel de control nun PC con Windows?

A) Executar java dende a liña de comandos.

B) Abrir o Panel de Control de Windows e a continuación ir á categoría seguridade e facer click en Java.

C) Abrir o Panel de Control de Windows e a continuación ir á categoría programas e facer click en Java.

D) Executar java -cp desde a liña de comandos.

52 Os sistemas de arquivado de imaxe médica que permiten almacenar calquera tipo de imaxe independentemente da modalidade, o fabricante e o tipo de imaxe, que nome reciben?

A) Vendor Neutral Archive (VNA).

B) DICOM vaults.

C) MEDIMG archive.

D) Ningunha das anteriores.

53 Ao usar unha arquitectura ROLAP en lugar de MOLAP, cal é a súa principal vantaxe?

A) Mellor rendemento en consultas agregadas.

B) Capacidade de procesar volumes de datos moi grandes usando bases de datos relacionais.

C) Redución da dependencia de índices e cubos precalculados.

D) Posibilidade de análise en tempo real.

54 Que tipo de arquitectura OLAP combina as vantaxes de MOLAP e ROLAP?

A) DOLAP

B) COLAP

C) FOLAP

D) HOLAP

55 Que ferramenta propón o marco técnico do PMBOK para avaliar obxectivamente o grao de progreso dun proxecto?

A) A xestión polo valor ganado.

B) A revisión periódica dos diagramas de Gantt.

C) Control permanente da cantidade de esforzo, da cantidade de financiamento e da calidade.

D) A xestión das comunicacións do proxecto.

56 O esquema CDA definido no estándar HL7 corresponde á expresión:

A) Clinical Document Architecture.

B) Congruent Diagnosis Alteration.

C) Common Definition Archive.

D) Ningunha das anteriores.